

Discurso da decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, M^a Rosa Álvarez Prada, na sinatura do convenio coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia para desenvolver os programas de atención psicolóxica especializada no ámbito da violencia de xénero

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2015

Este convenio é parte moi importante da nosa actividade como Colexio, xa que nos permite desenvolver dous programas de atención psicolóxica en materia de violencia de xénero.

Os medios que hoxe dades testemuña deste acordo tomastes conciencia hai anos do voso papel nesta batalla e poñedes o foco en cada caso de asasinato por violencia contra a muller e, na vosa vocación de servizo á cidadanía, incluídes información útil, como o 016. Informades con estupor de historias terribles como que unha muller é asasinada no hospital onde está ingresada por unha malleira previa do seu presunto agresor. Casos que nos devolven un diagnóstico de fracaso social, que nos fan preguntar se realmente as agresións machistas non son evitables. Pero cada un destes asasinatos non é máis que a punta do iceberg, un gran bloque de xeo que permanece oculto en cada fogar onde unha muller é insultada, humillada, illada, anulada, agredida polo simple feito de que un home se sente superior a ela por ser home.

Por esa propia imaxe proxectada desde os medios nos que a condena á violencia contra a muller é unánime, poderíamos pensar que se está avanzando nesta loita. Pero as estatísticas déixannos ben claro que non é así. A violencia de xénero aséntase nunha desigualdade; na de crer que o home, por home, é superior á muller. Esa percepción continúa a manterse entre a nosa mocidade. Entre os 18 e os 29 anos é cando a cantidade de vítimas se incrementa de forma progresiva, moi especialmente desde os 19 anos. Entre os 12 e os 24 anos, un 5% das mulleres foron agredidas se

non facía cousas que non quería; un 3% foi golpeada nalgunha ocasión pola súa parella; un 8% intimidada con frases ou insultos de carácter sexual; a un 4% difundíronlle fotos ou mensaxes por internet ou polo móbil que non consentiran; e a un 6% presionáronas para practicar actividades sexuais que non desexaban. Porcentaxes significativas ás que se unen outras cifras coma estas: 1 de cada 3 mozas declara terse sentido controlada dicindo por ela ata o máis mínimo detalle; a unha de cada 4 intentaron controlala a través do móbil; a mesma cantidade, unha de cada catro foi insultada ou ridiculizada pola súa parella ou sentiu que tentaban illala das súas amizades.

Son uns cantos indicadores que nos obrigan a manernos alerta, a destinar recursos que poidan axudar a derreter esta base do iceberg que sustenta a dramática cabeza visible de cada asasinato. Esa base susténtase nunha sociedade machista que tolera, admite e xustifica esa desigualdade por razóns de xénero e que ve a violencia de xénero como inevitable e algo do ámbito privado. Quero centrarme nos datos da xente máis nova porque nos preocupa que este problema sexa algo estrutural, un fracaso social que non saibamos atallar. Desde logo, se queremos poñer fin á violencia contra a muller ten que pasar polos colexios e polos institutos. Temos a oportunidade de traballar co 100% da poboación que nace no noso país para fomentar valores como a igualdade, a xustiza, o respecto... A prevención e a educación nas idades temperás é a única saída contra a violencia de xénero. Valores como a igualdade quedan diluídos e minimizados nos centros escolares, dependendo da boa vontade, do compromiso e da implicación do corpo docente; sen adxudicacións horarias nin desenvolvementos curriculares concretos. A figura da psicóloga ou psicólogo educativo sería un medio excelente para desenvolver este labor nos centros escolares, traballando aspectos como a educación afectivosexual, a igualdade, a xestión das emocións, etc. Porque só educando en igualdade desde a infancia conseguiremos superar o machismo na sociedade.

Vou repasar brevemente os programas dos que é obxecto este convenio, dos que tedes máis información no dossier de prensa que se vos distribuíu e dos que gustosamente podemos ampliar os datos que precisades, tanto eu como cadanseu coordinador e coordinadora, que hoxe nos acompañan, Rubén Villar e Fátima López.

Os programas que estamos desenvolvendo son uns recursos para evitar a agresividade na parella e abordan a problemática da violencia de xeito integral, para que tanto o agresor como a vítima saian da espiral na que están inmersos e non recaian en situacións parecidas.

Son dous programas moi diferentes, que buscan a excelencia e que teñen a particularidade de que son uns recursos totalmente especializados que abordan a violencia de xénero de xeito integral, o que lles dá unha calidade na atención e nos resultados moi elevada. Non son só recursos paliativos, senón que buscan contribuír a un cambio estrutural que facilita relacións sas e plenas, que nos enorgullecen polo seu bo resultado, aínda que desde o Colexio de Psicoloxía cremos que esta asistencia debería estar incluída no sistema público de saúde e que estes programas deben ser unha solución provisional.

Cada un dos programas conta cunha rede de profesionais acreditados e acreditadas que levan a cabo a intervención psicolóxica en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Abramos o Círculo é un programa que se creou no ano 2001, e que ofrece atención psicolóxica especializada e de apoio a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, ao que recorren homes que insultan, abusan ou desprezan as mulleres e que desexan mudar esta situación e eliminar a agresividade na súa relación coa parella e coa familia. A través deste programa ofrecemos información e tamén atención psicolóxica personalizada, con dous obxectivos. Por unha banda, previr a violencia de xénero, e pola outra, ofrecer atención e terapia a aqueles homes que queiran aprender a resolver conflitos sen violencia, e a comunicarse dun xeito máis adecuado coa súa familia, e en particular, coa súa muller. Son 65 os e as terapeutas que integran o programa e que poden atender en 24 ou 48 horas a persoa que o precise en calquera punto de Galicia, de xeito gratuíto e anónimo. A día de hoxe están en terapia neste programa un total de 76 homes, e en todo o ano 2014 só houbo 9 abandonos, que non chega ao 10% do total de homes que se atenderon, que foron 93. Tamén recalcar que só 5 deses 93 homes eran inmigrantes, co cal cómpre desvincular esa asociación de violencia machista e inmigración.

O segundo programa que se recolle neste convenio e que se vén desenvolvendo desde 2004, é o de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. O e as 97 terapeutas que se reparten por toda Galicia constitúen unha rede amplísima de asistencia que pode atender en menos de 48 horas a calquera muller que o solicite na súa localidade, e ao igual que no anterior programa, coa vantaxe de acudir gratuitamente a un despacho privado que non a identifica, que non a sinala, como vítima de violencia de xénero e que lle garante a privacidade.

Este programa permite ofertar recursos terapéuticos para que as mulleres poidan recuperarse da situación que viviron, así como facilitar unha evolución posterior a partir desta terrible experiencia que lles permita abordar as relacións doutro xeito e evitar que se repitan situacións parecidas. Que unha problemática que produce tanto dano non lles impida ter unha vida plena despois e ser máis libres. Esta intervención psicolóxica busca abrialles un camiño para a adquisición de habilidades e capacidades que lles faciliten lograr a autonomía e a integración na vida social e reforzar a súa autoestima, ademais de contribuír á súa recuperación.

En 2014 tamén se puxo en funcionamento un protocolo de actuación entre este programa e o Grupo de Intervención en Catástrofes e Emerxencias, o GIPCE, que tamén conta cun convenio coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia para o desenvolvemento da súa actividade. Este protocolo activouse en catro ocasións en 2014, para intervir en casos de asasinato por violencia de xénero e ofrecer unha asistencia especializada ás familias nesta situación de emerxencia, mediante unha actuación conxunta de terapeutas do programa de vítimas e do GIPCE.

Son dous programas moi completos que ademais da propia intervención psicolóxica tamén contempla a formación dos e das profesionais que forman esta rede, e que abordan a violencia de xénero de xeito integral e cos que se pretende contribuír á eliminación desta problemática da nosa sociedade que non entende de clases sociais, nin de idades, como mencionaba antes, nin de nacionalidades.